



Resolución do 2 de febreiro de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca a participación no programa piloto de innovación educativa “Club de Ciencia” para centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria durante o curso 2016/17

O artigo 105 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que as administracións educativas favorecerán o recoñecemento do labor do profesorado dos centros públicos, atendendo á súa especial dedicación ao centro e á implantación de plans que supoñan innovación educativa, por medio dos incentivos económicos e profesionais correspondentes.

A ensinanza moderna baséase na investigación e no desenvolvemento do espírito crítico. O alumnado debe aprender cos feitos, observándoos e logo interpretándoos por medio de experimentos e con razoamento rigoroso. Espérase que el mesmo redescubra e comprenda principios fundamentais a través da observación e da propia reflexión.

Faise necesario captar o interese do alumnado, destacar a importancia e a utilidade do que se aprende para resolver problemas nun futuro inmediato e así acadar unha repercusión directa cara a futuras vocacións.

Outro elemento que se considera necesario é impulsar as coñecidas como “vocacións STEM” (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñería e Matemáticas) e así espertar a motivación do alumnado cara a estudos posteriores nos campos de coñecemento do ámbito científico tecnolóxico, como así o pon de manifesto o “Estudo sobre os factores influentes na elección de estudos científicos, tecnolóxicos, enxeñerías e matemáticas en Galicia” no que se destaca que o índice de titulados non cubrirá a demanda de profesionais nun futuro nestes sectores.

En especial, cómpre o fomento da presenza de rapazas en estudos non obrigatorios relacionados co ámbito STEM. As decisións que se toman sobre a orientación académica fórxase no ensino obrigatorio, polo que un factor determinante podería ser a creación de diversos contornos de aprendizaxe onde se ofrezan modelos próximos e proxectos interesantes que teñan un compoñente de xénero.

Neste senso, a creación dun “Club de Ciencia” no centro docente pode proporcionar un escenario propicio para desenvolver estratexias metodolóxicas que promovan capacidades, coñecementos e técnicas, a través dunha invitación ao descubrimento, que aumenten o interese dos participantes por saber, cada vez máis, sobre diversos campos da Ciencia e as súas posibilidades de aplicación na Tecnoloxía.

Estes clubs fundaméntanse nunha metodoloxía baseada na indagación e a aprendizaxe colaborativa, na que o alumnado adquire coñecemento mediante un método activo, propoñen as súas propias cuestións e resollen problemas. Os docentes suxiren indirectamente diferentes medidas para que eles poidan aprender a organizar actividades arredor das súas propostas.



De acordo co anteriormente exposto,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

Esta resolución ten como obxecto convocar a selección de 10 centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación para participar no programa piloto de innovación educativa “Club de Ciencia” durante o curso 2016/17.

Cada centro docente seleccionado para desenvolver un “Club de Ciencia” recibirá unha achega económica de 1.200 € con cargo á aplicación orzamentaria 10.50.423A.640.1 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dos orzamentos do 2017. Esta dotación económica é incompatible con calquera outra destinada ao mesmo proxecto obxecto desta convocatoria.

Artigo 2. *Destinatarios*

Poderán presentar solicitudes aqueles centros docentes dependentes da Consellería que impartan ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou bacharelato.

Artigo 3. *Definición do “Club de Ciencia”*

O “Club de Ciencia” defínese como un espazo de aprendizaxe non formal baseado nunha metodoloxía de indagación onde os docentes suxiren diferentes accións enfocadas ao alumnado co obxecto de que podan dar resposta ás súas curiosidades e aos seus intereses e resolver problemas.

Deberá estar formado por un ou máis docentes de calquera especialidade e alumnado de educación primaria, secundaria obrigatoria ou bacharelato. Un dos docentes actuará como coordinador do club.

Desenvolverase fóra do horario lectivo do alumnado nos espazos que se consideren ou habiliten do centro docente. Este horario deberá cumprir como mínimo unha media de catro horas ao mes, comezando a partir da concesión definitiva do proxecto ata final do período lectivo do alumnado durante o curso 2016/17.

Artigo 4. *Solicitud e documentación*

Cada centro poderá enviar unha única solicitude segundo o documento anexo, asinada pola persoa directora do centro.



Esta solicitude deberá vir acompañada da seguinte documentación:

1. Unha ficha resumo do proxecto onde se especifique:
 - a. Persoa coordinadora do club de ciencia (nome, apelidos, especialidade e DNI)
 - b. Profesorado participante (nome, apelidos, especialidade e DNI)
 - c. Alumnado participante: ensinanza, nivel, número de alumnos e número de alumnas.
 - d. Breve informe sobre a experiencia do profesorado e/ou do centro participante en proxectos semellantes baseados nunha metodoloxía de indagación.
 - e. Breve descrición do proxecto que se vai desenvolver no curso 2016/17 na que se indique:
 - i. Propostas de traballo
 - ii. Previsión de horarios e lugares do desenvolvemento do club.
2. Copia das actas da sesión do Claustro e do Consello Escolar do centro en que conste que estes órganos foron informados do proxecto e que acordan a súa participación nel.

A solicitude (anexo) e documentación débese presentar en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de novembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ademais, remitirase ao correo electrónico clubdeciencia@edu.xunta.es nos prazos establecidos.

Artigo 5. Prazos de solicitude

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na web da consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>).

Artigo 5. Criterios de selección

1. Proposta de proxecto “Club de Ciencia”: calidade, coherencia, implicación de docentes e alumnado.
2. Experiencia previa do centro ou dos docentes participantes en proxectos baseados nunha metodoloxía de indagación.
3. Proposta de fomento da presenza feminina no club.
4. Participación do centro en actividades de innovación educativa.
5. Representatividade equitativa das distintas ensinanzas ás que van destinadas esta convocatoria.



Artigo 6. *Dotación económica*

Cada centro docente seleccionado nesta convocatoria recibirá 1.200 € e serán transferidos nun único pagamento, no período correspondente ao exercicio económico 2017.

O importe concedido a cada centro deberase destinar a sufragar gastos que estean debidamente xustificados e imputables á participación nesta convocatoria e en ningún caso se utilizarán para adquisición de materiais inventariables.

Os gastos teñen que se realizar na súa totalidade antes do 31 de decembro de 2017. A xustificación consistirá nunha certificación emitida na súa totalidade antes da mencionada data, emitida pola dirección do centro, na cal conste a relación de gastos, copias compulsadas das facturas e acreditación do seu pagamento. Dirixiranse á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado; Edificio Administrativa San Caetano, s/n, Bq. II, 2º andar, 15781 Santiago de Compostela, ata o 31 de xaneiro de 2018. A non entrega da xustificación do gasto no dito prazo poderá ser causa de revogación das cantidades asignadas, e o centro deberá realizar o reintegro da cantidade percibida, sen prexuízo das responsabilidades que se lles poidan exixir.

Artigo 7. *Comisión de selección*

A comisión de selección estará formada por:

Presidencia: subdirector xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado ou persoa en quen delegue.

Vogais:

Subdirectora xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo ou persoa en quen delegue.

Xefa de servizo de Formación do Profesorado.

Unha persoa asesora do Servizo de Formación do Profesorado.

Dúas persoas asesoras do Servizo de Ordenación, Innovación e Orientación Educativa, unha delas actuará como secretario/a.

Artigo 8. *Resolución*

A comisión de selección, unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, emitirá unha resolución provisional dos centros admitidos. Esta resolución provisional poderase consultar na web desta consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>).

Os centros solicitantes dispoñen dun prazo de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación na mencionada web, para realizar reclamacións ou renuncias. Transcorrido este prazo, a comisión de selección realizará a valoración das reclamacións e renuncias recibidas, e a seguir elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e



Innovación Educativa, que adoptará a resolución definitiva dos centros seleccionados.

O prazo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións desta resolución será de tres meses, e comezará a contar desde o día seguinte ao da data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo sen que se dite resolución expresa, os/as interesados/as poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas afectadas poderán interpor recurso de alzada perante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación na web desta consellería, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 9. Avaliación da participación no programa

Os centros admitidos nesta convocatoria deberán enviar unha memoria de desenvolvemento do “Club de Ciencia” en formato dixital ao correo clubdeciencia@edu.xunta.es antes do 15 de xullo de 2017, onde se contemplen os seguintes apartados:

1. Introducción.
2. Profesorado participante, identificando a persoa coordinadora e funcións realizadas por cada docente participante.
3. Descrición das investigacións realizadas polo alumnado indicando os resultados ou conclusións obtidas.
4. Visibilización das actividades realizadas: web do centro, actividades de difusión das actividades, blog, redes sociais, publicacións en revista escolar, etc.
5. Conclusións.

A non entrega desta memoria ou baixa calidade da mesma poderá terse en conta en convocatorias posteriores.

Artigo 10. Certificación do profesorado participante

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria certificará, segundo a normativa vixente, a participación do profesorado no “Club de Ciencia” como actividade de innovación educativa previa avaliación da memoria presentada (véxase artigo 9), cunha equivalencia de 30 horas de formación permanente do profesorado para a persoa coordinadora e de 20 horas para o profesorado participante.




Artigo 11. *Difusión do programa*

A presentación a esta convocatoria implicará, no caso dos centros seleccionados, a colaboración nas accións de difusión que se organicen así como a cesión a favor da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dos dereitos de edición dos materiais educativos relacionados co desenvolvemento do programa no centro. Estes materiais difundiranse baixo a licenza “Creative Commons” que combine as propiedades “recoñecemento” e “compartir igual”.

Artigo 12. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado “Avaliación do sistema educativo”, cuxo obxecto é xestionar este procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Edificio administrativo de San Caetano, s/n, Bq. II – 2º andar 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a sxoifp@xunta.es.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2017



Manuel Corredoira López
Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa